

UNA EXPERIENCIA DE TRABAJO CON MENORES: DE AMA DE CASA A EDUCADORA.

Mercedes Martínez Modroño
Educadora. (Ferrol, A Coruña)

1. INTRODUCCIÓN

A presente comunicación trata de reflexar a experiencia como educadora nunha casa de familia para menores. Esta casa é unha das tres que a “Asociación para niños privados de ambiente familiar NUEVO FUTURO” mantén na cidade de Ferrol (A Coruña).

Na casa conviven actualmente seis nenos e nenas, de idades comprendidas entre 1 e 16 anos, e mais unha educadora. Ademais desta traballadora, hai un educador de apoio a tempo parcial, con funcións que na práctica quedan limitadas ó seguimento escolar dos/as menores. Externamente ó piso, a Xunta Directiva da Asociación encárgase da coordinación dos tres pisos de Ferrol, ademais dun inestimable labor de apoio ás amas de casa. Esta Xunta Directiva está totalmente integrada por persoas voluntarias.

2. ANTECEDENTES

Tradicionalmente, desde o inicio da actividade desta Asociación, cada piso estaba a cargo dunha única persoa, a “Ama de casa”, con funcións, evidentemente, de cuidado cara ós/ás menores, tanto como de mantemento e xestión do piso, tal e como a denominación do posto de traballo indica.

A ama de casa que traballaba neste piso deixou o seu posto despois de moitos anos, por razóns persoais, no mes de Febreiro de 1.994. Esta circunstancia é aproveitada por parte da Xunta Directiva para modificar esa denominación de “Ama de casa” que se revela hoxendía arcaica e insuficiente, pola de “educadora”. Esta vacante foi entón cuberta por unha segunda persoa que, por razóns que descoñecemos, resultou ineficaz para o posto, empezando entón unha peregrinación de amas de casa (foron 3 nun periodo dun mes) ata a miña incorporación que se produce nos primeiros días de abril de 1.994.

O obxecto desta comunicación non é relatar a intensa experiencia que supón este ano de traballo, senón simplemente reflexionar sobre as implicacións educativas do cambio de figura de ama de casa a educadora, que distan evidentemente non só no perfil requerido, funcións, responsabilidades, necesidades formativas, senón tamén no patrón de relación cos/as nenos/as residentes e, polo tanto, nos resultados educativos da intervención.

Cómpre ter en conta que este cambio realízase a nivel de denominación, sen unha reflexión do seu significado e sen que se realicen a priori modificacións sustanciais no seu perfil. Desta circunstancia nace unha situación claramente ambigua onde existen diferentes concepcións por parte dos diferentes grupos implicados. Simplificando, reducirémolos a tres: A Xunta Directiva da Asociación, a educadora, e os/as nenos/as residentes.

3. EXPECTATIVAS DOS GRUPOS E PERSOAS IMPLICADOS

Analizando estas expectativas diferentes, é doado decatarse de que na realidade o papel de “ama de casa”, xa en por sí pouco definido, desdóblase no que consideramos dúas percepcións diferentes. Por unha banda, os/as menores residentes esperan un comportamento de “coidadora” (que

deducimos era o patrón habitual que eles coñecían), mentras que por parte da Xunta Directiva toma tintes de “Nai”. Estas expectativas son bastante claras aínda que non sempre son explícitas mesmo para o grupo en cuestión. No Cadro 1 expoñemos as diferencias que separan a estes tres modelos: coidadora, nai e educadora, con respecto a cuestións de perfil.

Con respecto á relación educativa que se establece, os tres roles se presentan tamén bastante diferenciados, tal e como podemos ver no Cadro 2.

Estes cadros comparativos intentan amosar diferentes concepcións do que debe ser o traballo con menores nesta situación de casa de familia. Evidentemente, na práctica os tres mistúranse, e mesmo ás veces cómpre no que facer profesional trasladarse de un a outro segun as circunstancias específicas. Tamén dependerá de características persoais do/a profesional a asunción mais frecuente dun ou doutro papel. E por características persoais non nos referimos só a variables como personalidade ou intereses, senón tamén, por suposto, ó nivel de formación, expectativas profesionais propias, etc.

Se, como propoñemos, as diferentes figuras de contratación son consecuencia de presupostos teóricos dispares, compréndese axiña que intentar substituír unha por outra automaticamente, como se fixo neste caso, é unha actuación que xerará, cando menos, ambigüidade, e non facilmente situacións conflictivas. De feito, na nosa experiencia constatamos que esta indefinición deu lugar a conflitos entre a educadora e os/as nenos/as, que moitas veces eran consecuencia da non existencia de acordo neste aspecto. A atribución de significados era moi diferente para cada un, e, á luz destas reflexións podemos entender moitas condutas que doutro xeito resultaban inexplicables. Así, e a modo de exemplo, a distribución ponderadamente equitativa de tarefas domésticas eran rexeitadas polos/as cativos/as que se sentían “explotados”, facendo o traballo propio de alguén contratado para esas tarefas. Os intentos por aumentar a participación dos/as nenos/as cara ó cambio a un estilo democrático de educación, concretados nalgunhas assembleas, foron estrepitosos fracasos nos que os/as nenos/as esperaban ordes que non chegaban e a educadora frustrábase por tan irrefutables probas de apatía e desinterese.

Afortunadamente, as relacións coa Xunta Directiva -á que desde aquí é necesario felicitar pola calidade do seu traballo-,

non son, nin de lonxe conflictivas. Dun lado, pola boa disposición de diálogo por ambas partes, e, por outro, porque pese a que en xeral se suscribe o modelo de “nai” mais ou menos fielmente, a súa concepción é permeable e evoluciona cara á introducción da figura de educadora.

3. CONCLUSIÓNS

Interpretando as diferencias expostas nos cadros anteriores, é evidente que a primeira figura (coidadora) que describe as expectativas dos/as nenos/as, desenvolve funcións que, aínda que necesarias, non se poden calificar como educativas. Non é sostible pois porque deixa ó azar un proceso difícil e sobre o que se debe asumir unha responsabilidade.

Con respecto ás diferencias entre “Nai” e “educadora”, podemos entendelas como a plasmación nun caso concreto de diferentes paradigmas teóricos que informan a práctica educativa. Seguindo a abondosa literatura sobre o tema, podemos afirmar que a figura de nai adscribíse ó paradigma hermenéutico-interpretativo, mentras que o de educadora (non necesariamente, aínda que neste caso sexa así) opta polo paradigma sociocrítico. Son, por tanto, profundas diferencias teóricas as que as separan, e non simplemente cuestións puntuais ou simples denominacións. Consecuentemente, a praxe estará tinxida destas diferencias de fondo que as sustentan. Ter en conta esta diferenza é explicitar desde qué marco teórico tomamos as decisións cotiás na práctica educativa. Non constitúe algo trivial e polo tanto é unha reflexión que haberemos de ter presente.

En segundo lugar, e desde a perspectiva dos meses transcurridos, podemos afirmar que a cuestión da definición do perfil profesional da educadora, que semellaba secundaria e carente de

implicacións prácticas desempeñou un papel importante na relación educativa cotiá. Algúns conflitos que de aquí se derivaron producíronse precisamente por non terlle dado a importancia merecida desde un principio e, por consiguiente, por non adicar esforzos á súa clarificación.

En terceiro lugar, hai que entender este caso como un exemplo mais da transformación que nos últimos anos se ven dando no status da Educación Social, que, se ben como tarefa se desempeña desde hai moitas décadas, como profesión está aínda implantándose no noso país. As tres figuras comparadas nesta comunicación poderán entenderse, entón, como representacións de tres etapas que van desde a consideración de que o labor educativo é innecesario ou accesorio (coidadora), que é unha arte vocacional, non sistemática e non cualificada (nai), ata o recoñecemento da necesidade da profesionalización (educadora). Neste sentido, e pese ó camiño que aínda queda por recorrer, debemos felicitarnos do cambio que xa se está producindo.

Por último, cómpre deixar constancia de que a necesidade de implantar a contratación como educadores/as non ven sancionada por un interes corporativista, senón básicamente porque supón un cambio cualitativo que redundará nunha maior calidade da intervención e, polo tanto, na optimización dos resultados educativos obtidos polas/os menores. Ese debe ser, sempre, o obxectivo final.